

Editorial



Hai xa máis dunha década que escribiamos desde este Museo do Castro de Viladonga que, afortunadamente, xa non era posible oír como sucedía hai anos, que a Terra Chá era unha comarca con pouco Patrimonio Histórico, unha terra con só certo interese etnográfico e, iso si, con numerosas e senlleiras referencias literarias. Se nos fixamos concretamente no actual concello de Castro de Rei, veremos que o Patrimonio Cultural agroma onde queira que se busque e aínda sen procuralo demasiado, o que non quere dicir que non precise de máis e mellores estudos e, tamén, de moita máis protección e maior promoción e difusión, pois estamos diante de documentos históricos insubstituíbles e, ademais, de elementos e conxuntos do Patrimonio Cultural que pertencen a toda a sociedade, é dicir, cunha finalidade de conservación, utilización social e transmisión xeracional.

Os chairegos de hai uns seis mil anos, xa agricultores e pastores, que comezaron a enterrarse en túmulos megalíticos, utilizaron arreo as penechairs desta comarca, e así atopamos mámoas, medorras, medoñas ou antas e dolmens en Rozas, en Xustás, en Loentia, en Castro de Ribeiras de Lea, en Duancos, en Orizón, etc., por citarmos soamente unhas cantas zonas onde aínda quedan restos visibles daquelas primeiras tumbas coñecidas.

A Cultura Castrexa, fundamental para entender a formación da paisaxe e mesmo do pobo (da "etnia" á que aludía hai anos o profesor C. Alonso del Real) de Galicia, está nesta comarca, como en todo o noso territorio, moi ben representada. Ademais do Castro de Viladonga, xacemento senlleiro ocupado fundamentalmente en época galaico-romana (hai uns

1.700 anos, entre o século III e V da nosa Era) e co seu Museo ó carón, onde se pode atopar a información necesaria sobre este castro e os seus antigos poboadores, abonde citar como bos e, nalgúns casos monumentais exemplos pese a non estaren escavados, os castros de Azúmara, A Rodela de Balmonte, Duarría, A Croa de Goberno, Loentia, A Escrita ou os mesmos Castro de Rei e de Ribeiras de Lea.

Algúns daqueles castros foron tamén utilizados e voltos a fortificar en época medieval para servir de castelos e torres feudais, como é o caso do propio Castro de Rei, que tivo fortaleza ligada á casa dos Condes de Lemos, e desaparecida a súa torre de homenaxe en 1941.

Esta comarca conta tamén cun Patrimonio relixioso e de interese histórico, artístico ou mesmo etnográfico. Ó lado de moitas igrexas barrocas dos séculos XVII e XVIII, que son a maioría dos templos parroquiais deste concello, hai outras neoclásicas e mesmo neogóticas ou máis modernas dos séculos XIX e XX, ó lado de construcións relixiosas menos afortunadas desde o punto de vista patrimonial.

Igualmente pódese falar das pontes históricas, como a pequena e ben antiga de Duarría, a Ponte de Outeiro e outras que se complementan coas numerosas pontellas e pasais que caracterizan, etnográfica e mesmo antropoloxicamente a paisaxe rural.

Débense lembrar, así mesmo, os pazos e casas grandes coma os do Colexio de Duancos, o do Pacio de Mondríz ou o de Balmonte, entre tantos outros, moitas veces descoidados por falta de medios ou alterados por agresións baseadas en modas alleas e miméticas.

Todo isto a maiores da existencia da consistente e tan característica arquitectura popular chairega que sofre os mesmos problemas de conservación, moitas veces con rehabilitacións e adecuacións modernas pouco respectuosas coa terra e coa historia, mentres outras, en cambio, como é o caso do muíño e a vella casa grande de Monelos no Azúmara poden servir como exemplo de cousas feitas con agarimo patrimonial.

E se de creacións populares falamos, hai que citar os cruceiros, a maioría deles saídos dos obradoiros dos canteiros vilalbeses de Román, cunha impresionante produción a cabalo entre os séculos XIX e XX, ou ben os distintos tipos de hórreos, dende os característicos

de paredes de madeira ata os denominados de tipo astur-galaico, de planta cadrada, existentes por exemplo en parroquias ben chairegas como Ansemar, Goberno ou Viladonga.

Por último, pero non menos importante, cómpre ter en conta no concello de Castro de Rei para, asemade, conservalo, protexelo e transmitilo, un inxente Patrimonio Natural que igualmente conforma a nosa cultura propia, con exemplos coma o Carballo de Luxís que tan ben cantou Xosé Crecente Vega, a Lagoa de Caque ou de Bardancos, o monumental eucalipto de Loentia, o vízoso val do Azúmara coa súa ruta de sendeirismo ou, en fin, o amplo Campo da Feira de Castro.

É responsabilidade das administracións competentes pero tamén, e diríamos que sobre todo, de toda a sociedade conservar e transmitir este Patrimonio a través do seu uso responsable e sostible, porque nel está precisamente o progreso humano, que non se limita, nin moito menos, ó simple crecemento económico, aínda que hoxe a actual crise europea parece querer levarnos a esa errada conclusión.

CROA naceu en 1991 como Boletín da Asociación de Amigos do Museo e do Castro de Viladonga, pero co paso do tempo converteuse no órgano de expresión científica e difusión cultural da propia entidade institucional. Por tanto e desde 2005, a súa edición e patrocinio acabou sendo asumido pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Patrimonio

Cultural, organismo xestor do Museo, e así figura xa nos créditos da revista. Non obstante, e tendo en conta as orixes da publicación e, a maiores, a colaboración que antes e agora sempre prestou aquela Asociación de Amigos, este Boletín mantén ese dobre valor e significación, que xunta o papel institucional do centro co apoio explícito da comunidade social sen o cal sería impensable mesmo a súa existencia e, desde logo, a formación da súa importante biblioteca por medio do intercambio bibliográfico. Así pois, *CROA* pasou a ser o Boletín do Museo pero isto non sería posible sen a constante e activa presenza da súa Asociación de Amigos.

